

Resumo das prestacións socio sanitarias de MUFACE

CONCEPTO	IMPORTE
Reintegro de produtos farmacéuticos (por enfermidades profesionais, accidentes no posto de traballo, algunhas patoloxías, algúns inhaladores infantís...)	Dependendo do caso vai desde unha pequena porcentaxe ao reintegro da totalidade.
Dentadura completa	200 €
Dentadura superior ou inferior	100 €
Peza dentaria, funda ou coroa	20 €
Empaste, obturación ou reconstrución (cada un)	10 €
Implante osteointegrado (12 máximo)	60 €
Ortodoncia (menores de 18 anos)	250 €
Endodoncia	20 €
Gafas (lonxe ou perto)	20 €
Gafas bifocais/progresivas	30 €
Substitución de cristais lonxe ou perto	10 €
Substitución de cristais bifocais/progresivos	15 €
Lente de contacto (2 por ano)	20 €
Lente de contacto desbotábel (axuda anual)	30 €
Lente terapéutica	40 €
Axudas ópticas para baixa visión	180 €
Axudas prismáticas para alteracións severas de motilidade ocular	80 €
Audífono	300 €
Colchón ou colchoneta antiescaras	125 €
Laringófono	1.100 €
Próteses externas, cadeiras de rodas, órteses e próteses especiais	Diferentes contías dependendo do tipo de prótese e da necesidade

A partir do próximo 1 de febreiro todos os mutualistas en activo deberán usar a [sede electrónica de MUFACE](#) para as solicitudes das prestacións dentarias e oculares.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Solicitud, factura detallada (do odontólogo, óptica...) e informe do especialista correspondente.

- A factura, que se enviará escaneada, deberá ser conservada polo mutualista durante 4 anos porque se contemplan inspeccións aleatorias para comprobar a veracidade da prestación solicitada.

Outras prestacións (audífonos, colchóns antiescaras, laringófonos...) de momento poderán solicitarse presencialmente ou na sede electrónica.